Pagamento de taxas para a expedición de título (Bacharelato, Ciclos Medios e Superiores)

Procedemento

Se remataches os teus estudos de Bacharelato ou de Ciclo Medio ou Superior (incluída a FCT e, para o caso de ciclos superiores, o proxecto), debes realizar o pagamento de taxas para a expedición do título.

Este pago de taxas pode facerse mediante dúas modalidades:

1. **Telemáticamente**

O pago debe facerse na Oficina Virtual da Axencia Tributaria de Galicia: https://ovt.atriga.gal/ segundo estes pasos:

- Cidadáns
- Pago de taxas e prezos: Iniciar taxa.
- Acceso libre ao servizo (cadeado aberto).
- Iniciar taxa.
- Introducir os datos da taxa segundo o pantallazo que se achega a continuación.
- Continuar.



No apartado obxecto débese poñer un texto similar a "Expedición do título de <poñer aquí o título> de <poñer aquí o nome>".

Unha vez feito o pago telemático, deberase retroceder ao apartado Cidadáns - Pago de taxas e prezos - Operacións realizadas e imprimir en PDF o modelo 730 para envialo ao correo electrónico ies.luis.seoane@edu.xunta.gal, coa fin de rexistrar o depósito do título e xa se pode solicitar (presencialmente en horario de 9:00 a 14:00) a correspondente certificación académica.

2. Presencialmente

Débese solicitar o impreso na Secretaría do IES de Teis, onde se lle indicará o trámite a seguir.

3. Tarifas de expedición de títulos

Título	Tarifa normal	Familia numerosa (categoría xeral)	Familia numerosa (categoría especial)	Duplicado
Bacharelato	54,00€	27,03€	0	4,98€
Técnico (ciclo medio)	22,07€	11,06€	0	2,55€
Técnico superior (ciclo superior)	54,00€	27,03€	0	4,98€
Curso especialización	25,91€	12,97€	0	2,55€